

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE MEDIO AMBIENTE, E MEDIO RURAL E MARIÑO

4686 *Orde ARM/687/2009, do 11 de marzo, pola que se modifica o anexo XI do Real decreto 728/2007, do 13 de xuño, polo que se establece e regula o Rexistro xeral de movementos de gando e o Rexistro xeral de identificación individual de animais.*

O Real decreto 728/2007, do 13 de xuño, polo que se establece e regula o Rexistro xeral de movementos de gando e o Rexistro xeral de identificación individual de animais, establece no seu anexo XI o calendario de aplicación deste para as diferentes especies.

Coa publicación do Regulamento (CE) n.º 504/2008 da Comisión, do 6 de xuño de 2008, polo que se aplican as directivas 90/426/CEE e 90/427/CEE polo que se refire aos métodos de identificación dos équidos, é obrigatorio rexistrar certos datos recollidos no seu artigo 21 nunha base de datos informática antes do 1 de xullo de 2009.

Por outro lado, o Real decreto 1614/2008, do 3 de outubro, relativo aos requisitos zoonosanitarios dos animais e dos produtos da acuicultura, así como á prevención e ao control de determinadas enfermidades dos animais acuáticos, establece a obriga aos titulares das explotacións de acuicultura de comunicar ás autoridades competentes os movementos dos seus animais desde ou cara a outras explotacións. Estas autoridades competentes deberán incluír as ditas notificacións de movementos dos seus animais no correspondente rexistro de movementos, de maneira que se poida garantir a identificación do lugar de orixe e destino. Por tanto, é procedente incluír esas especies de acuicultura no citado anexo XI do Real decreto 728/2007, do 13 de xuño.

Debido á experiencia adquirida ao realizar o Rexistro xeral de movementos de gando (REMO) e o Rexistro de identificación individual de animais (RIIA) noutras especies de gando, así como a coordinación dos sistemas informáticos das comunidades autónomas xunto co Rexistro xeral de explotacións gandeiras (REGA) creado mediante o Real decreto 479/2004, do 26 de marzo, e que constitúen o Sistema Integrado de Rastrexabilidade Animal (SITRAN), faise necesaria a modificación do anexo XI do Real decreto 728/2007, do 13 de xuño, para incluír a previsión antes mencionada respecto dos équidos.

Neste sentido, no seo do Comité nacional de coordinación de identificación do gando e rexistro de explotación das especies de interese gandeiro, foi debatida a modificación do dito anexo, que contou coa opinión favorable dos representantes das comunidades autónomas.

Na elaboración desta disposición foron consultadas as comunidades autónomas e os sectores afectados.

Esta orde dítase ao abeiro da habilitación prevista na disposición derradeira quinta do Real decreto 728/2007, do 13 de xuño, que faculta o titular do departamento para modificar mediante orde ministerial os seus anexos para a súa adaptación á normativa comunitaria.

Na súa virtude, dispoño:

Artigo único. Modificación do anexo XI do Real decreto 728/2007, do 13 de xuño, polo que se establece e regula o Rexistro xeral de movementos de gando e o Rexistro xeral de identificación individual de animais.

Substitúese o anexo XI do Real decreto 728/2007, do 13 de xuño, polo que se establece e regula o Rexistro xeral de movementos de gando e o Rexistro xeral de identificación individual de animais, polo que figura como anexo nesta orde.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 11 de marzo de 2009.–A ministra de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, Elena Espinosa Mangana.

ANEXO

Modificación do anexo XI do Real decreto 728/2007, do 13 de xuño

«ANEXO XI

Calendario de aplicación do Rexistro xeral de movementos de gando e do Rexistro xeral de identificación individual de animais para as diferentes especies animais

Desde o 30 de xuño de 2007:

Ovino: RIIA.

Caprino: RIIA.

Porcino: REMO.

Desde o 30 de xuño de 2008:

Bovinos (incluíndo os vacúns, búfalos e bisontes): REMO e RIIA.

Ovino: REMO.

Caprino: REMO.

Desde o 30 de xuño de 2009:

Équidos (incluíndo cabalos, asnos e mulas): RIIA.

Aves de curral (incluíndo galiñas, pavos, pintadas, patos, ocas, paspallases, pombas, faisáns, perdices e aves corredoras): REMO.

Desde o 30 de xuño de 2010:

Équidos (incluíndo cabalos, asnos e mulas): REMO.

Lagomorfos (incluíndo coellos e lebres): REMO.

Especies da acuicultura (conforme o Real decreto 1614/2008, do 3 de outubro): REMO.

Desde o 30 de xuño de 2011:

Abellas: REMO.

Especies peleteiras (incluíndo visón, raposo vermello, lontra e chinchilla): REMO.

Especies cinexéticas de caza maior de cría (incluíndo corzos, cervos, gamos, muflóns e xabarís): REMO.

Outras (incluíndo camelos, dromedarios e alpacas): REMO.»